



REMAC

Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas

É conveniente que calquera asociación ou **entidade sen ánimo de lucro legalmente** constituída e que teña o seu ámbito de actividade **dentro da cidade da Coruña**, inscribíbase no **Rexistro de Asociacións do Concello** de face ao seu pleno recoñecemento a nivel municipal.

O Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) é **independente** dos Rexistros Nacional e Autonómico, nos que as entidades deben figurar inscritas para poder darse de alta no REMAC. A formalización da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións é **gratuíta** e constitúe un **requisito** necesario para o acceso a determinados programas, cursos formativos ou axudas convocados pola Administración Local.

Para **formalizar a inscrición no REMAC**, é necesario realizar unha solicitude no Rexistro Xeral do Concello e presentala acompañada da seguinte documentación:

- Estatutos da Asociación.
- Acreditación da inscrición no Rexistro Nacional, Autonómico, ou no que que corresponda.
- Certificación das persoas que ocupan os cargos directivos.
- Taxjeta de Identificación Fiscal.
- Copia do DNI do/a presidente/a da entidade.
- Enderezo social, número de teléfono, páxina web e correo electrónico.
- Orzamento orientativo do ano en curso.
- Breve programa de actividades do ano en curso.
- Certificación do número de socios.
- Forma na que se queren recibir as notificacións e a información procedente do Concello, preferentemente a través de medios telemáticos.

O Artigo 13 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello da Coruña regula o Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC), que ten por obxecto coñecer as entidades existentes no municipio, as súas características, fins e representatividade, para posibilitar unha correcta política municipal no ámbito do asociacionismo.



MODELO CERTIFICACIÓN DO NÚMERO DE SOCIOS

O/A Secretario/a da Asociación

con enderezo en

CIF nº, e nº de inscrición no Rexistro Xeral

CERTIFICA

que a data de hoxe, o número total de socios da entidade é de (.....).

E para quien poida interesar, asina este documento, co Vº Bº do Presidente en

A Coruña, de de 20.....

O/A Secretario /a

O/A Presidente/a

Asdo.:.....

Asdo.:.....